

Feira Modernista de Sada

ANO XI

Concello de Sada
REVISTA DE ACTIVIDADES

29/30/31
Xullo 2022

A MODERNISTA

Introdución



A Feira Modernista de Sada deixa atrás o “modo confinamento” e, do mesmo xeito que a famosa “gripe española” afectou á vida social no inicio da segunda década do s.XX, un século máis tarde podemos animarnos a quitar o xesto serio e a saír á rúa para evocar unha época e unha corrente artística singular: o Modernismo.

A Feira Modernista seguirá a pegada do Modernismo, que perdura en motivos arquitectónicos de Sada e no emblemático edificio A Terraza. Ao seu redor organizaremos unha chea de propostas culturais, lúdicas, de artesanía e sobre todo de convivencia, na que animamos a veciñas e veciños a recrear o ambiente social da época, cada quen segundo a súa visión e a súa capacidade para saltar atrás no tempo.

A programación incluírá actuacións musicais, artes escénicas e diferentes actividades recreativas e artísticas en varios puntos da vila. Vehículos clásicos circularán polas nosas estradas, bicicletas antigas saíran de ruta polas nosas rúas, os tradicionais xogos de madeira encherán os xardíns e xuntas trataremos de revivir o espírito dese tempo pasado, arredor dos inicios do s. XX, que quedou prendido para sempre da pel de Sada e da nosa memoria colectiva.

A programación complétase con actividades destinadas a público infantil e familiar, fotografía con cámara escura, exhibicións de danza, obradoiros, exposición de artesanía e mercado de curiosidades, paseos en autobús antigo e actividades de participación popular, como o pic-nic nos xardíns. Descubre aquí todo o que temos en Sada para A Modernista

MEMORIA DE SADA

Exposición nos Xardíns do Mercado Modernista durante toda a Feira dunha selección de fotografías antigas cedidas polo colectivo Memorias de Sada para esta festa, e que representan a idiosincrasia do noso municipio durante a época modernista. Unha ventá que permite asomarnos a un pasado en branco e negro de animados bailes na Terraza ou viaxes no Tranvía.



O MERCADO

O mercado modernista ofrecerá todos os días da Feira, á veciñanza e aos visitantes que se acheguen, unha variedade de produtos de artesanía, presentados cun gusto especial pola estética, incluíndo antigüidades, complementos, bixutería, xoguete, alimentación... Todos os días dende as 12 h.

★ PICNIC POPULAR ★

O Domingo 30 de Xullo é un día especial de celebración. Neste último día da feira convidamos ás persoas que nos acompañen a traer as súas viandas aos xardíns do paseo marítimo para compartir un xantar. Cada grupo poderá traer mantas ou mesas e cadeiras sobre as que despachar os máis ricos manxares que teñan a ben cociñar. Durante a comida contaremos con actividades de animación.

“AS MODERNAS” SAEN DE PASEO POR SADA

VENRES 29 de XULLO / 17:00-20:00h.
XARDÍNS DO PASEO MARÍTIMO E RÚAS DO CENTRO URBANO



ARTES ESCÉNICAS

Elas son modernas pero gardan a memoria da Sada de inicios do s. XX. Van saír das fotografías en branco e negro e nas antigas noticias de prensa nas que estaban encerradas. Saíde á rúa e elas irán ao voso encontro. Unha proposta orixinal e divertida pero que ademais está “baseada en feitos moi reais”... e moi sadenses...

SÁBADO 30 XULLO - ITINERANTE

13:30 – AS MODERNAS VAN DE VODA

As nosas modernas saen ao encontro co público recreando diferentes aspectos da vida social de inicios do s.XX. Como sería unha voda celebrada naquela época? Non te preocupes por se coñeces á noiva ou ao noivo... estás convidad@!!

17:00 – AS REDEIRAS

As nosas Modernas non descansan un minuto! Na súa vontade de representar a memoria social da época, recrearán un oficio indispensable na vida cotiá sadense: as redeiras. Ollo, que entre conto e conto seguro que perderás a noción do tempo e caerás nas súas redes.

18:00 – AS LAVANDEIRAS

As nosas Modernas despediranse desta edición da Feira cunha última estampa da vida social de inicios do s. XX, como son as incansables lavandeiras. As tarefas do día a día recreadas cun punto de humor pero con base histórica real. As nosas Modernas aproveitarán para lavar “os trapos sucios” diante do noso público, sen filtros nin complexos.

DIXIE KINGS E PATY LESTA

A impresionante voz de Paty Lesta transmitirá o venres 29 ás 21 h. no escenario modernista, a emoción dos grandes clásicos do jazz coa sensibilidade e a enerxía que sempre acompañan ás súas interpretacións. Esta primeira noite da XI Feira Modernista as notas do dixie e o jazz tradicional levarannos da man para evocar un pasado musical no que a túa participación non pode faltar para que a maxia sexa completa.

★ PASARRÚAS ★

Este sexteto do jazz máis tradicional inundará as nosas rúas media hora antes do concerto con música dos anos 10 e 20 do s. XX. Con eles poderemos evocar as músicas que se atopaban moitos sadenses que emigraron aos EE.UU. Con Dixie Kings convidámoste a dar un paso atrás, pero só no tempo, e a facer que bailen as rúas ao son da música jazz en directo.



NELSON QUINTEIRO

PEQUENO CABARET INFANTIL

Non perdades a oportunidade de contemplar en acción ao mestre de cerimonias, Pedrito Mendrugo, coa súa increíble pulga Jacinta Florette, cun espectáculo de cabaret para toda a familia. Dende a súa barraca de feira, Pedrito e Jacinta contarán os contos máis coñecidos dun xeito nunca visto.

Xardíns do Paseo ás 18:30 h. do Venres 29 de Xullo

ARQUITECTURA MODERNISTA

CAPELA DE SAN ROQUE

O venres 29 ás 19 h. teremos unha charla didáctica na que o arquitecto Alberto Fuentes Valcárcel, membro do colectivo coruñés ArtNouveauCoruña, axudaranos a descubrir esas xoias da arquitectura modernista que nos contemplan dende as rúas das poboacións da nosa contorna e que, en moitas ocasións, permanecen escondidas á nosa ollada.

LITTLE SAVOY SWING

A Praza da Terraza será escenario ás 19 h. do venres 29 deste obradoiro onde vas ter oportunidade de aprender a danzar ao ritmo das músicas de vangarda! Non aceptamos escusas: aberto a todo tipo de persoas con todo tipo de nivel previo. A danzar, modernistas!!



POMPAS XIGANTES

Ás 20 h. do venres nos xardíns do Paseo Marítimo, Pomper propón un espectáculo moi visual no que a beleza e fragilidade das pompas, de todos os tamaños e formas, farán as delicias do público da nosa feira. Ao remate do espectáculo, Pomper proporá un obradoiro para que o noso público poida vivir a experiencia de crear pompas xigantes.

CARAVANA XOGOS TRADICIONAIS

VENRES: 17 a 20
SÁBADO E DOMINGO: 12 a 14 / 17 a 20

As persoas son verdadeiramente máis humanas cando xogan. Nos nosos Xardíns do Mercado Modernista caben moitos xoguetes de madeira, de tradición e de creatividade, e moitas horas de xogo para encher de esa boa humanidade os días da Feira Modernista.



PHOTOCALL

– O FORZUDO –
– O TRANVÍA –
– A SALITA –

Atopa durante os tres días da Feira Modernista os nosos divertidos photocalls pola zona modernista de Sada e etiqueta @concellosada co hashtag #sadamodernista nas túas redes sociais.

PAXARIÑAS A VOAR

O noso público grande e pequeno poderá demorar un tempo nesta parada da Feira Modernista para crear, con materiais de calidade e baixo a guía e consellos de monitores especialistas, paxariñas e complementos. Poderás darlle un toque estético e de clase ao teu vestuario... e todo coas túas mans! Participación de balde. Venres 29 de 18 a 20 h. na Carpa Modernízate do Mercado Modernista

GALICIAN TRAD CABARÉ

★ FALA-ME! ★



O movemento artístico do modernismo caracterizouse pola exploración, por romper corsés e por buscar novas vías de expresión, como a que impos pñer en escena a noite do venres ás 22:30 h. no escenario modernista: unha fusión entre o cabaret e a música e a danza tradicionais, un espectáculo no que a lingua e o empoderamento danse a man buscando provocar a través da poesía, a danza e a música.

BICIS ANTIGAS



Paseo en dúas rodas

A bicicleta acadou unha grande popularidade coincidindo co período modernista, pasando a ser unha opción de transporte moi estendida. Así foi que se converteu nun motivo que moitos pintores modernistas retrataron, como mostra do seu uso na sociedade da época. Propoñémovos recrear ese auxe das dúas rodas evocando un paseo en bici polo paseo marítimo. Ideal se a vosa bici é clásica, pero aínda que non o sexa abonda con que participedes coa vosa vestimenta máis modernista. Saída dende a Praza da Terraza.

Exposición: 14 a 18 h.

Despois de percorrer o paseo marítimo e repoñer forzas gozando das bondades da gastronomía local, o grupo de ciclistas modernistas parará para darse unha volta polo noso mercado. As bicicletas clásicas quedarán en exposición pública na praza da Terraza. Non perdas esta oportunidade para botar un ollo a estes modelos de vangarda.

DANZA

A danza sube ao noso escenario modernista ás 13 h. do sábado 30: o ballet e o cabaret serán os principais estilos cos que as escolas de danza de Sada agasallarán os vosos ollos. Nesta ocasión, a escola de Carmen López inspirarase nas liñas expresivas da danza de Isadora Duncan e creará coreografías que ligarán o pasado e a modernidade, co seu corpo de bailarinas e bailaríns de todas as idades. Danza e das nosas artistas locais para encher de ritmo a nosa feira.

FOTÓGRAFO DE ÉPOCA

Non deixes de reclamar o servizo da nosa parella de auténticos artistas do retrato! Con cámaras de tipoloxía “cámara escura”, retratarán no seu paso pola feira aos nosos distinguidos visitantes capturando a beleza do momento e do seu vestuario.

Sábado e Domingo / 12 a 20
XARDÍNS MERCADO MODERNISTA

DIXIE - JAZZ - SWING

★ ESCENARIO MODERNISTA ★

POR MI SWING / Abrimos a noite de concertos do Sábado con esta formación especializada na música swing. Un concerto que comezará ás 21 h. pensado e deseñado para non parar de bailar cos ritmos swing máis clásicos e a calidez do seu trío vocal.



noutra época e transportarte coa extraordinaria calidade da súa vocalista. Un concerto que promete encher de enerxía a nosa feira para poñer o peche a este segundo día de celebracións.



BOULEVARD DAS MARIÑAS

BRASSADA / O grupo de metais da Banda de Música de Sada ofrecerá ás 20 h. do sábado un concerto de rúa, cun repertorio clásico que nos vai permitir gozar dos compositores modernistas máis nomeados.

ZAFRA JAZZ / Rematamos a noite de concertos con Zafra ás 22:30, unha formación que nos envolverá cos sons máis orixinais do jazz, remontándonos no tempo ata os inicios deste estilo musical no s. XX. Zafra farate sentir



AUTOBUS DE ÉPOCA

SÁBADO: 12 A 14 E 17 A 21 / PRAZA DA TERRAZA



cada 30 minutos. Pero lembra que estará dispoñible exclusivamente para aquelas persoas que leven un vestuario axeitado á temática da feira.

Un pintoresco autobús clásico, cunha segunda planta de asentos dispostos ao aire libre, ofrecerá pequenos paseos por Sada, con punto de inicio e finalización na praza da Terraza. Os paseos serán gratuítos e saíran

IMPRENTA CON ALOUETTE MACHINE

Na Carpa Modernízate poderás atopar todo tipo de opcións de lecer, incluso terás a oportunidade de aprender a realizar impresións artísticas sobre papel, recuperando técnicas artesanais con materiais de época. Unha proposta obxectivamente “impresionante”.



RUTAS ARQUITECTURA MODERNISTA

SÁBADO 30 / 11:00

Un paseo didáctico polo centro urbano e a Tenencia da man de Alberto Fuentes e Art Nouveau Coruña. O mellor xeito de distinguir as pegadas do Modernismo nas nosas rúas. Ven participar e aprende a mirar Sada con outros ollos. A participación é libre e de balde. Saída dende a praza da Terraza. Grupo de máximo 25 persoas.

SÁBADO 30 / 17:00

A feira ofrécevos a posibilidade de aprender a distinguir as formas do Modernismo nas fachadas das nosas rúas. Nesta ocasión o paseo levaranos ao barrio de Fontán, unha das estampas máis pintorescas e recoñecibles da paisaxe urbana de Sada. A participación é libre e de balde. Saída dende a Casa da Cultura. Grupo de máximo 25 persoas.

DOCTOR MILAGRE

SÁBADO 30 / 19:00



A nosa feira recibirá unha visita moi agardada: o Expreso do Doutor Milagre, cargado cos seus “efectivos” produtos que remedian todo tipo de males... de resultados garantizados! Todo acompañado de música, improvisación, baile, comedia, maxia... e todo o que cabe nun gran show de venta ambulante. Pasen e sorpréndanse!

MAGO GADALKA

SABADO e DOMINGO
18:30 a 21:30


MERCADO MODERNISTA

Gadalka é un adiviño, un mago e unha personaxe sorprendente. A súa cabina de vixilancia estará situada nunha das entradas ao mercado modernista e estará encantado de atenderte e agasallarte cos seus poderes de adivinación e cun microespectáculo de maxia de cerca.

FELICES ANOS 20

OBRADOIRO SENSORIAL

Na Carpa Modernízate o Domingo 31 ás 12 h. teremos unha nova opción de lecer esta vez pensada tamén para a “xente miúda”. Achégate a participar, da man de Nubes Espacio Infantil neste obradoiro no que xogaremos con diferentes obxectos para poñer a proba a túa sensibilidade. Os obxectos e materiais antigos axudarannos a recrear e mesmo tocar o espírito dunha época. Participa e deixa que a XI Feira Modernista estimule os teus sentidos.



VEHÍCULOS CLÁSICOS

A fascinación polas máquinas creada pola man humana foi unha constante na época do Modernismo, onde o mundo se abraiaba por constantes avances tecnolóxicos e sociais. O xurdimento e a popularización dos vehículos utilitarios causou sensación naquel momento, e segue fascinándonos hoxe en día. A nosa Feira recibirá a visita dunha comitiva de vehículos clásicos, que pararán na praza da Terraza creando unha estampa típica dun tempo pasado. De 13 a 18 h. o domingo na Praza da Terraza.

LA HABITACIÓN DE LA MÚSICA

DOMINGO 31 ÁS 22:00 h. ESCENARIO MODERNISTA. Rematamos a noite e poñemos o peche musical á XI Feira Modernista co concerto desta formación musical que fará un repaso aos clásicos do jazz recreando o famoso Cotton Club



ESCAPISMO MODERNISTA

CARPA MODERNÍZATE DOMINGO: 17 a 21

Un misterio permanece oculto entre nós dende hai xa 100 anos, esquecido na memoria sadense, perdido no tempo pero desexando ser descuberto e celebrado novamente. Unha personaxe portadora de modernidade está agardando por unha mente sagaz que a saque da escuridade do olvido... seguro que serás ti!. Pon a proba o teu enxeño.



PICNIC POPULAR



DOMINGO 31 de XULLO / A partir das 14 h.
★ XARDÍNS DO PASEO MARÍTIMO ★



O domingo é un día especial de celebración. Neste último día da feira convidamos ás persoas que nos acompañen a traer as súas viandas aos xardíns do paseo marítimo para compartir un xantar. Cada grupo poderá traer mantas ou mesas

e cadeiras sobre as que despachar os máis ricos manxares que teñan a ben cociñar. Durante a comida contaremos con diversas actividades de animación:

14:00h – PIZARRACLETA. Unha bicicleta musicalizada que percorrerá os xardíns do paseo marítimo pinchando auténticos e vetustos discos de pizarra. As voces máis populares do momento conxeladas no tempo e nos sucros destas obras de arte de pizarra amenizarán o tempo do xantar.

14:30 - RECREACIÓN TEATRALIZADA: AS BAÑISTAS. As quentes augas da Praia Nova serán unha tentación irresistible para un grupo de bañistas. Lucindo os seus traxes de baño á última moda, sen ensinar nin un centímetro de pel e cumprindo con todas as normas do decoro e a prudencia, atravesarán o picnic solicitando, quizáis, quelle botes unha man coa toalla... ou que estendas un pouco de crema bronceadora na súa branca pel. Unha recreación cómica que seguramente terminará nun refrescante chapuzón de risas.

GHASTAS PISTA
MÚSICA DANZA SWING JAZZ

OBRADOIRO

BOULEVARD DA TERRAZA - 18:00 h. Non ides poder deixar de mover os pés con esta proposta. O colectivo Ghashtas Pista ofrecerá un obradoiro de danza lindy hop, un dos estilos do swing. A proposta ideal para animar a festa na tarde do domingo a ritmo de swing clásico. Pero aínda haberá máis: a banda musical de Ghashtas Pista ofrecerá un pequeno concerto que contará co acompañamento das profesoras de baile da compañía. Todo un espectáculo completo para mover ao público da XI Feira Modernista!

CONCERTO e PICADISCOS

ESCENARIO MODERNISTA - 19:00 h Ghashtas Pista remata a súa actuación cun espectáculo de música e baile swing, no que se potenciarán os valores da igualdade e o cuestionamento dos roles de xénero habituais, tanto na súa sección rítmica como nos roles asumidos polas súas bailarinas. Un espectáculo no que todas e todos teredes tamén o voso rol: bailar sen descansar!



VENRES 29 XULLO

- 17:00h: APERTURA MERCADO MODERNISTA / XARDÍNS DO PASEO
- 17:00-20:00h: AS MODERNAS SAEN DE PASEO / CENTRO URBANO
- 17:00-20:00h: CARAVANA DE XOGOS TRADICIONAIS / XARDÍNS DO MERCADO
- 18:00-20:00h: COMPLEMENTOS CON “PAXARIÑAS A VOAR” / CARPA “MODERNÍZATE”
- 18:30h: NELSON QUINTEIRO: CABARET INFANTIL / XARDÍNS DO PASEO
- 19:00h: ARQUITECTURA MODERNISTA EN SADA E A CORUÑA / CAPELA DE SAN ROQUE
- 19:00h: OBRADOIRO CON LITTLE SAVOY SWING / PRAZA DA TERRAZA
- 20:00h: POMPER: POMPAS XIGANTES / XARDÍNS DO PASEO
- 20:30h: PASARRÚAS CON DIXIE KINGS / ITINERANTE
- 21:00h: CONCERTO: DIXIE KINGS & PATY LESTA / ESCENARIO MODERNISTA
- 22:30h: GALICIAN TRAD CABARÉ: FALA-ME! / ESCENARIO MODERNISTA

SABADO 30 XULLO

- 11:00h: RUTA GUIADA: ARQUITECTURA MODERNISTA EN SADA / SAÍDA PRAZA TERRAZA
- 12:00h: MERCADO MODERNISTA / XARDÍNS DO PASEO
- 12:00-14:00h. e de 17:00-20:00h: XOGOS TRADICIONAIS / XARDÍNS DO MERCADO
- 12:00h: PASEO DE BICICLETAS ANTIGAS / PASEO MARÍTIMO
- 12:00-20:00h: FOTÓGRAFO DE ÉPOCA / XARDÍNS DO MERCADO
- 12:00-14:00 / 17:00-21:00: PASEO AUTOBÚS MODERNISTA / PRAZA DA TERRAZA
- 13:00h: MODERNISMO EN DANZA CON “CARMEN LÓPEZ” / ESCENARIO MODERNISTA
- 13:30h: AS MODERNAS VAN DE VODA / ITINERANTE
- 14:00-18:00h: EXPOSICIÓN BICICLETAS ANTIGAS / PRAZA DA TERRAZA
- 17:00h: RUTA GUIADA: ARQUITECTURA MODERNISTA FONTÁN / SAÍDA CASA CULTURA
- 17:00h: RECREACIÓN “AS REDEIRAS”: AS MODERNAS / ITINERANTE
- 17:30h: OBRADOIRO IMPRENTA ALOUETTE MACHINE / CARPA MODERNÍZATE
- 18:00h: RECREACIÓN “AS LAVANDEIRAS”. AS MODERNAS / ITINERANTE
- 18:30-21:30h: ILUSIONISMO CON MAGO GADALKA / MERCADO MODERNISTA
- 19:00h: A TROPA DO DOUTOR MILAGRE / ITINERANTE
- 20:00h: CONCERTO BRASSADA / BULEVAR DAS MARIÑAS
- 21:00h: CONCERTO: POR MI SWING / ESCENARIO MODERNISTA
- 22:30h: CONCERTO: ZAFRA JAZZ / ESCENARIO MODERNISTA

DOMINGO 31 XULLO

- 12:00h: MERCADO MODERNISTA / XARDÍNS DO PASEO
- 12:00-20:00h: FOTÓGRAFO DE ÉPOCA / XARDÍNS DO MERCADO
- 12:00h: FELICES ANOS 20 / Obradoiro NUBES ESPACIO INFANTIL / CARPA MODERNÍZATE
- 12:00-14:00 / 17:00-20:00h: XOGOS TRADICIONAIS / XARDÍNS DO MERCADO
- 13:00-18:00h: EXHIBICIÓN DE VEHÍCULOS CLÁSICOS / PRAZA DA TERRAZA
- 14:00h: PICNIC POPULAR / XARDÍNS DO PASEO
- (14:00h – PIZARRACLETA / 14:30h - RECREACIÓN TEATRALIZADA: AS BAÑISTAS)
- 18:00h: OBRADOIRO SWING DANZA CON GHASTAS PISTA / BOULEVARD DA TERRAZA
- 17:00-21:00h: ESCAPISMO MODERNISTA / CARPA MODERNÍZATE
- 18:30-21:30h: ILUSIONISMO CON MAGO GADALKA / MERCADO MODERNISTA
- 19:00h: CONCERTO GHASTAS PISTA / ESCENARIO MODERNISTA
- 22:00h: CONCERTO LA HABITACIÓN DE LA MÚSICA / ESCENARIO MODERNISTA

ADEMÁS DIARIAMENTE...

- Exposición de fotografías antigas sobre Sada. Colectivo “Memoria de Sada”.
- Comercio local ambientado.
- Campaña de regalo postal con cada compra (en comercios asociados)